

ANUNCIO: EDICTO de exposición pública e período de cobro dos Padróns pola taxa de subministración de auga, saneamento e depuración, correspondentes ao cuarto trimestre de 2020.

EDICTO

Con data do 14 de abril de 2021, o Sr. Alcalde-Presidente en funcións do Concello de Ponte deume, ditou o Decreto nº 230/2021, polo que se resolveu:

- “Aprobar inicialmente o padrón de subministración de auga potable, saneamento e depuración correspondente ao CUARTO TRIMESTRE DE 2020, que figura na relación de facturación presentada pola empresa concesionaria do servizo co seguinte detalle:

ABASTECIMIENTO DE AUGA

Metros cúbicos facturados: 245.049 m³
Padrón: 98.555,11 €, IVE excluído

SANEAMENTO

Metros cúbicos facturados: 173.188 m³
Padrón: 25.396,48 €, IVE excluído

CANON

Metros cúbicos facturados: 160.664 m³
Padrón: 38.034,22 €, IVE excluído.

DEPURACIÓN

Metros cúbicos facturados: 155.861 m³
Padrón: 39.662,32 €, IVE excluído.”

- Expoñer ó público todos os datos incorporados ó padrón que se aproba, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación. Esta exposición, polo prazo de quince días dende a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

- Contra as liquidacións incorporadas ó padrón todas as persoas interesadas poderán interpor recurso de reposición ante esta alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó remate da exposición ó público do padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes, dende a súa interposición. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución expresa ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

- O prazo de cobramento en período voluntario abranguerá dende o día seguinte da publicación



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

deste edicto por un período de dous meses. Os contribuíntes poderán aboar os seus recibos en calquera oficina das seguintes entidades: ABANCA, SANTANDER, BBVA, LA CAIXA ou CORREOS, dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten establecidos, presentando a comunicación (factura) que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario.

Os que non recibiran dita comunicación poderán contactar con VIAQUA, quen facilitará documento para poder efectuar o pago nas devanditas entidades. Tamén existe a posibilidade de domiciliación bancaria. Transcorrido o período voluntario iníciarase o período executivo e a débeda resultante esixirase polo procedemento de prema, coas recargas e xuros de mora que procedan.

- A falta de pagamento en período voluntario, suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canón da auga poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

En Ponte deume, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde en funcións D. José Simoes Couceiro, na data do 21 de abril de 2021.

